



ESCRITORAS GALEGAS NA PRENSA EN GALICIA (1926-1932)

Isabel González Fernández
Universitat de Barcelona

1. Introducción

Esta ponencia que se expón aquí hoxe é o resultado da investigación levada a cabo no verán do pasado ano 2002, gracias a unha bolsa concedida polo Centro de Investigación Ramón Piñeiro. O proxecto que presentei ía dirixido a busca-los nomes máis representativos de mulleres galegas que se dedicasen a publicar en xornais e revistas nos anos 20.

O período de estudio incluírá os anos que van de 1916 (cando se funda na Coruña, a iniciativa de Antón Vilar Ponte, a primeira Hirmandade de Amigos da Fala) ata aproximadamente 1930. Escolléronse estes anos por estar marcados por un clima fortemente intelectualizado; pero cabe facerse a pregunta se tamén participaron as mulleres neste ambiente cultural. A resposta esixe un estudio pormenorizado de moitos factores, aínda que o obxecto deste traballo é soamente tratar de establecer algúns nomes femininos que se poden salientar nesta época nas publicacións periódicas galegas ou relacionadas con Galicia dalgún modo. Conscientemente non sairán tódolos nomes nin tódalas publicacións, as que falten quedarán para un posterior estudio.

Intentarase ver que algunhas mulleres puideron dedicarse a publicar todo tipo de asuntos (pedagogía, socioloxía, traducción, etc.), non só textos meramente literarios senón que ademais comezaron a ter inquietudes sobre os seus propios problemas, comezaron a involucrarse en temas feministas e nacionalistas, a busca-las súas identidades como mulleres galegas, pero este traballo levou moitos anos e non foi suficientemente apreciado polas súas protagonistas.

2. Escritoras galegas

Se observamos calquera historia da literatura galega podemos ver que se subliñan certas autoras que non só escribiron obras nos tres xéneros

clásicos (poesía, narrativa, teatro), senón que tamén fomentaron unha tarefa que ata entón fora feita por homes: estamos a falar do traballo de xornalista, columnista ou colaborador. A situación social daqueles momentos impedía ás mulleres chegar a exercer estas profesións: as dificultades para cultivarse e estudar eran enormes para as mulleres, pero este problema aínda se incrementa máis se temos en conta a opinión que tiñan de si mesmas que influía notablemente cando pensaban en escribir, porque moitas crían que as letras non debían ser empregadas para nada serio e por iso nos podemos encontrar con innumerables artigos sobre cuestións de moda, de estética, de bos costumes, etc., feitos por mulleres para mulleres; así o director do xornal ou da revista podía dirixir a un público máis “amplo”, que non instruído. Entón ¿existiron mulleres nestes anos en Galicia que escribiron sobre algo máis que sobre estes insulsos, que se equiparon a nivel xornalísticos ós homes, que loitaron, en definitiva, contra este esquema patriarcal? Podemos afirmar que si existiron e a continuación imos falar delas.

2.1. As antecesoras

Pero antes de aparecer con identidade propia as mulleres escritores tiveron un modelo que perdurou durante moitos anos despois da súa morte: Rosalía de Castro que seguiu aparecendo en revistas como *Acción gallega*, *A Nosa Terra*, *Boletín Oficial del Centro Gallego* (Bos Aires), *Eco de Galicia*, *Galicia. Diario de Vigo*. Respecto a este último xornal citado, foi publicado entre 1922 e 1926; levaba o subtítulo de “Diario de Vigo”; ideoloxicamente defendeu a autonomía política galega, pero dentro da democracia e tamén nas súas páxinas reivindicáronse cuestións políticas, sociais, económicas e culturais; entre os seus colaboradores habituais estaban Vicente Risco ou Ramón Cabanillas. Na sección “Páxinas literarias de Galicia” publicaron *El caballero de las botas azules* de Rosalía ou *La sirena negra* de Pardo Bazán. Foi moi censurada na Dictadura de Primo de Rivera. (Santos Gayoso, 1990: 551), etc. Volvendo a Rosalía tamén cabe salientala homenaxe que recibiu no *Boletín de la Real Academia Gallega* (nº 110 de 1916 ou nº 120 de 1917), por citar algúns dos xornais onde apareceron textos seus e lle concederon un espacio moi importante.

Outra das figuras ás que se recorría nestes anos era Concepción Arenal (1820-1893): no *Boletín Oficial del Centro Gallego* (Bos Aires) publicouse “El soberbio y el glotón” (nº 137, 1924) que é unha fábula con personaxes humanos, dentro dunha tónica moralizadora que se pode apreciar en outras autoras desta época. E no *Eco de Galicia* apareceu “¿Quién soy?”, nº 112, 1920.

2.2. A xeración de mulleres escritoras en 1916 e 1923

A relación de escritoras aumenta a medida que se avanza na investigación das publicacións periódicas, pero evidentemente non todas escribiron sobre temas intelectuais interesantes, senón que se dedicaron a face-la crónica social e estética do momento: Vexamos algúns casos comezando polas máis coñecidas.

FRANCISCA HERRERA GARRIDO (FANNY GARRIDO): Nace na Coruña en 1869 nunha familia da alta burguesía e morre en 1950.

Vivió nun ambiente profundamente relixioso e iso marcaría a súa obra. Outra influencia importante foi a de Rosalía. Pasa por se-la primeira muller elixida membro da Real Academia Galega, pero morreu sen poder le-lo discurso. Identifícase coa súa terra (emoción, lingua, coñecemento, labregos) (Enrique Cornide Ferrant 1993: 20-22). Publicou en: *A Nosa Terra*, *Céltiga*, *Centro gallego*, *Eco de Galicia*, *Eco franciscano*, *Lar*, *Nós*, *Vida gallega*. Son revistas de signo moi diferente: *A Nosa Terra* (A Coruña) tiña como subtítulo “Boletín decenal. Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d’América e Portugal”. Aparece en 1916 baixo a dirección de Antón Vilar Ponte. Os seus colaboradores eran, entre outros: Amado Carballo, Manuel Antonio, Leandro Carré, Ramón Cabanillas, Castelao, etc. Foi o primeiro xornal que se definiu como nacionalista galego. Ó longo da súa historia sofre algunhas crises como na Dictadura de Primo de Rivera ou na Asamblea de Monforte (1922) que provocara a dimisión de Antón Vilar Ponte. O movemento nacionalista quedará dividido en dous sectores: a Asamblea de Monforte como órgano das Irmandades e o sector ourensán, dirixido por Risco e que tiña como fonte de expresión o xornal *La Zarpa* e o boletín *Rexurdimento* (Santos Gayoso, 1990: 417). Fronte a esta publicación nacionalista, Francisca Herrera publicou tamén en *El Eco Franciscano* (1884-1968) que se publicaba en Santiago e o seu subtítulo era “Revista ilustrada”. Imprimíase na imprenta do Seminario de Santiago e despois de 1885 na imprenta que os franciscanos inauguraron no Colexio de Santiago. Tiña unha parte doutrinal e tamén outra dedicada á poesía. Foi creada a partir da celebración do sétimo centenario do nacemento de San Francisco. Desde o seu comezo seguiron os preceptos marcados polo papa León XIII e foi utilizada cun fin claramente doutrinal. Foi unha das mellores revistas deste tipo na súa época de esplendor. (Santos Gayoso, 1990: 255). Tamén apareceron escritos seus en publicacións da emigración galega en América como *El Eco de Galicia* (1892-1926?). Saía en Bos Aires. Proclamábase xa desde o seu inicio como defensora do rexionalismo e do pobo galego, en contra do centralismo do Estado español. Trataba tanto os problemas do país como os temas culturais. Nela publicaron as figuras máis importantes de Galicia e dos que residían en Arxentina. Desde 1898 tivo un complemento chamado *Almanaque Gallego*. (Santos Gayoso, 1990: 305). A temática dos seus textos son moi diferentes, pero sobre todo adaptouse á ideoloxía do xornal onde publicaba: en *A Nosa Terra* saíron artigos titulados “¿Cántigas...? Para a nosa terra” (nº 167), “Leros d’irmáns. Portugal e Galiza” (nº 168), “Sant-yago e Galicia” (nº 203), pero tamén poemas máis líricos como “Follas murchas” (nº 239), etc. Na colección *Céltiga* (1922, Ferrol) que ofrecía cada mes unha novela curta en galego, con Castelao ou Risco entre os responsables da revista. (Santos Gayoso, 1990: 550), saíu a súa obra en prosa “A y-alma de Mingos” (nº 8). No *Centro Gallego* “Memoria de Luis Amado Carballo” (nº 143, 1928). A súa colaboración no *Eco de Galicia* foi importante durante tres anos (1928-1930) con textos tamén en castelán (“Ouh, a doce rapaciña”, nº 349; “¿Fillos?”, nº 332; “¿Por qué

calla?”, nº 331; “¡He vuelto a verle!”, nº 344). Respecto ó Eco franciscano hai que dicir que só se encontrou unha composición titulada “Osedo” (nº 639, 1920) de contido evidentemente relixioso. En *Lar* publicou “Martes d’antroido” (nº 6, 1925) *Lar* (1924-1926?) tivo como fundador a Leandro Carré Alvarellos. Contaba entre os seus colaboradores a: W. Fernández Flórez, R. Otero Pedrayo, Francisca Herrera Garrido, etc. Estaba escrita en galego. Publicaba novelas curtas (Santos Gayoso, 1990: 565); en *Nós* “A muller galega” (nº 6, 1921) (no que se mostra en contra da emancipación da muller e do voto feminino e a favor dunha muller que cumpra co papel de nai; non cre necesario que a muller teña os mesmos dereitos que o home) ou “A neta da naipeira” (nº 20, 1923). Por último en *Vida gallega* apareceron “De Coruña a Oleiros. Una tarde de inverno” (nº 292, 1926), unha tradución dun poema de José M^a Gabriel y Galán titulado “O Cristo de Velázquez” (nº 572, 1933). *Nós* (1920-1935) publicábase en Ourense. Levaba o subtítulo de “Boletín mensual da cultura galega, órgano da sociedade galega de publicacións «Nós»”. Foi o seu director Vicente Risco e o director artístico, Castelao. É interesante que entre os seus importantes colaboradores figura Francisca Herrera Garrido. Subliñase por ser unha publicación escrita exclusivamente en galego e ademais será a que dará nome a Xeración Nós. Tivo varias etapas, pero a primeira (1920-1923) foi a máis literaria (Santos Gayoso, 1990: 536-537). A maioría dos artigos de Francisca Herrera ían asinados en Oleiros onde pasaba os veráns. Xunto cos textos que acabamos de citar, habería que dicir que viña xa dunha experiencia anterior no feito de publicar: en 1913 aparecera en Madrid *Sorrisas e bágoas*, en 1915 *Almas de muller... ¡Volallas na luz!*, co prólogo de Manuel Murguía, en canto a poesía; Camino Noia fala dunha escritoria serodia (Noia 1990: 12); se falamos da narrativa deberemos aludir á publicacións antes referidas onde viron a luz a súas novelas curtas, ás que hai que engadir tres novelas longas contemporáneas daquelas: *Pepiña* (1922), *Réproba* (1926) e *Familia de lobos* (1928) que aparecen en editoriais madrileñas.

FILOMENA DATO MURUAIS (Ourense, 1^a metade do século XIX) colaborou co movemento dirixido por Lamas Carvajal. Cooperou en *El Herald Gallego*. Tivo moita fama como poetisa (obtivo moitos premios). Sentiu un enorme amor pola patria e un profundo sentimento relixioso (Enrique Cornide Ferrant, 1993: 17-18). Publicou en: *Eco de Galicia* (“Non dubides”, nº 218, 1924), *El Ideal Gallego* (que volve recolle-lo texto anterior dous anos máis tarde, “Plegaria” tamén en 1926) *El Ideal Gallego* (1917-...). A Coruña. É de tendencia católica. Foi fundada polo sacerdote José Toubes. Tiña como lemas: o catolicismo, a monarquía e a rexión. (Santos Gayoso, 1990: 513-515), *O tío Marcos d’a Portela* (cun eloxio á figura de Valentín Lamas Carvajal que lle serve como pretexto para falar da importancia de Galicia e do galego en “Ó gallego máis gallego. Valentín Lamas” no nº 32, 1918), *Terra* (“Diol-empare”, nº 12, 1921), *Vida gallega* (“Noite crara”, no269, 1925; “A nai d’o soldado”, nº 273, 1925).

HERMINIA FARIÑA COBIÁN publicou en: *A Nosa Terra* (“¡Orfo!”, n° 108, 1919; “Nouturnio”, n° 99, 1919; “Lembranzas”, n° 93, 1919), *Centro gallego* (“Escuridá”, n° 132, 1928; “Dos outeiros da i-alma”, n° 143, 1928), *Eco de Galicia* (“Outono”, n° 225, 1925; “A Cruña”, n° 228, 1925; “Bonome” n° 302, 1925, “Doente”, n° 304, 1925; “A lua”, n° 304, 1925; “Das terras de Salnes” n° 304, 1925; “Bucólica”, n° 328, 1928, etc.; a colaboración de Herminia Fariña prolongouse desde 1925 ata 1930 tanto con textos en galego como en castelán), *Vida gallega* (“Emoción”, n° 280, 1925; “Mi destierro”, n° 274, 1925; “Mar”, n° 281, 1925 etc., tamén foi moi habitual ve-lo seu nome neste xornal entre 1925 e 1926). *Vida gallega* (1909-1938) editábase en Vigo. Nela colaboraron: Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova, Manuel Murguía, Ramón Cabanillas, Noriega Varela, Rodríguez Castelao, etc. Non tivo ningunha vontade de nacionalismo. Ten relevancia artística e literaria. Deixouse de editar pola Guerra Civil (Santos Gayoso, 1990: 440)

CARMEN PRIETO ROUCO: *A Nosa Terra* (“Lembranza”, n° 216, 1925; “¡Nai Galicia!”, n° 229, 1926), *Eco de Galicia* (“¡Añoranzas!”, n° 221, 1924; “¡Arrólame, meu ben!”, n° 300, 1925), *Vida gallega* (“Mentras zoa o vento”, n° 273, 1925; “Aurora”, n° 562, 1933; “Retorno del ausente”, n° 570, 1933).

SOFÍA CASANOVA (1861-1957): *Centro gallego* (“Recorriendo Galicia”, n° 103, 1925; xa en 1919 tivera un recoñecemento público ó longo de varios números, desde o 35 ata ó 37, de 1919, con motivo dun viaxe seu a Galicia), *Elite* (“Visión del crepúsculo”, n° 66, 1926; “Crónicas”, n° 85, 1927), *Raza* (Bos Aires) (“Uno de ellos”, n° 53, 1922 sobre a guerra de África; non tivo continuidade nesta revista), *Raza española* (Madrid) (“El infierno de la guerra”, n° 4-5, 1919; “El río de la muerte”, n° 49-50, 1923; pero non só escribiu crónicas, senón que tamén apareceu en 1920, nos números 13-14, un conto de ambientación rusa titulado “La vuelta de Iván”, *Terra* (“Miedo”, n° 9, 1921). Algúns dos artigos que se citan anteriormente foron produto da súa propia experiencia como corresponsal de guerra, a primeira muller na historia do xornalismo, e polo seu matrimonio cun filósofo polaco que a levou a viaxar por Europa. Mantivo sempre conexión con Galicia, a onde volvía cada verán. Viviu as consecuencias da I Guerra Mundial. Ó longo do tempo o seu prestixio foi aumentando ata ser nomeada membro correspondente da Real Academia Galega, aínda pasando largas tempadas fóra. Recolleu as súas crónicas para o *ABC* madrileño en numerosos libros.

EMILIA PARDO BAZÁN (1851-1921): en *Boletín oficial del Centro Gallego* (Bos Aires), publicou contos como “Madre gallega” (n° 53, 1917) ou críticas a certas profesións en “Error de diagnóstico” (n° 90, 1920); *Eco de Galicia* (“El malvis”, n° 73, 1918), *Raza* (Bos Aires) (“El dos de mayo”, n° 3, 1920; “Cuento de invierno: Tía Celesta”, n° 8, 1920; etc.), *Raza española* (Madrid) (“El engendro”, n° 12, 1919; “Obra de misericordia”, n° 1, 1919; “El Arco”, n° 6, 1919; etc.), *Revista femenina ilustrada*

(“El sabio”, nº 9, 1919, etc.). Non imos estendernos máis nesta autora porque non escribiu ningún texto en galego, aínda que non se pode deixar de mencionar en canto foi unha figura salientable nos comezos do feminismo en Galicia.

Outras escritoras:

MERCEDES PINTO: *Alfar* (“La cita”, 1923), *Raza* (Bos Aires) (“En la feria”, nº 163, 1927 e reedita o conto “La cita” no nº 222, 1929).

CARMEN LOBEIRAS PANTÍN: *A Nosa Terra* (“O recanto da muller. Posicións” nº 304, 1933).

MARÍA SANTOS FREIRE: *A Nosa Terra* (“O recanto da muller. O deber da muller galega”, nº 313, 1933).

ELVIRA BAO MACEIRAS DE VARELA: *A Nosa Terra* (“O recanto da muller. O eco d’un manifesto”, nº 313, 1933).

MARÍA BARBEITO Y CERVIÑO: MARÍA BARBEITO DE MARTÍNEZ MORAS (MARÍA BARBEITO CERVIÑO) (1880-1970) tamén coruñesa. Importante no desenvolvemento cultural de Galicia. Preocupouse pola educación infantil (introduciu novos métodos pedagóxicos), a defensa da emancipación social, cultural e profesional da muller. Foi unha escritora progresista. (Enrique Cornide Ferrant, 1993: 22-23). Publicou no *Boletín de la Real Academia Gallega* (“El bilingüismo en la escuela gallega”, nº 235-240, 1931).

LUISA CUESTA: *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* (diferentes artigos en relación coa historia coa Biblioteca da Universidade entre 1929 e 1930, nos números 4, 7, e 8).

CLEMENCIA OTERO FERNÁNDEZ: no *Boletín Oficial del Centro Gallego* (Bos Aires) fai unha análise das poetas galegas no que subliña a Rosalía por enriba de todas (nº 85, 1920).

EMILIA CALÉ TORRES DE QUINTERO: *Boletín Oficial del Centro Gallego* (Bos Aires) (“A Santiago”, nº 91, 1920).

MARGARITA ASTRAY REGUERA: *Centro Gallego* (“Galicia, país de romance. Evocación”, nº 103, 1925), *Eco de Galicia* (“Romance gallego”, nº 218, 1924), *Galicia. Diario de Vigo* (“Impresiones”, nº 34, 1922).

MERCEDES VIEITO DE LÓPEZ: *Eco de Galicia* (“Un recuerdo y un tributo”, nº 73, 1918; “De Pila Ancha”, nº 71, 1918). *Eco de Galicia* (1917-1936). Tiña como subtítulo “Revista semanal ilustrada y de información regional”. Publicábase en La Habana e contou con Mercedes Vieito Bouza (de López) como unha dos directores e con Antón

Villar Ponte, Leandro Carré ou Castelao entre os seus colaboradores. Foi unha das publicacións galegas máis importantes en Cuba. Tivo moi boa acollida entre os emigrantes, xa que se reforzou polo ambiente galeguista da época que lle foi propicio (Irmandades da Fala). Nas seccións máis nacionalistas expresaron as súas ideas Vicente Risco, Xohán Vicente Viqueira, Basilio Álvarez, etc.; pero tamén tivo espacio para páxinas máis literarias como as de Ramón Cabanillas, Gonzalo López Abente, etc. Tratáronse nela moitos temas diferentes (históricos, xeográficos, económicos, folclóricos, etc.) (Santos Gayoso, 1990: 511-512).

DOLORES DEL RÍO SÁNCHEZ GRANADOS: *Eco de Galicia* (“¡Santiago y Cierra España!”, nº 147, 1921; “Psicología gallega”, nº 150, 1921), *Eco Franciscano* (nesta revista foi onde desenvolveu o seu traballo de xornalista e por falta de espacio non se cita ningún exemplo, pero calquera que consulte esta revista poderá observar xa desde os primeiros números o nome desta autora), *El Ideal Gallego* (escribiu nunha sección chamada “Crónica callejera” onde falou dos nenos ou do luxo, nos números 1436 de 1921 e 1373 de 1921).

HIPÓLITA MUNOZ (VALENTINA LAGO VALLADARES): *Eco de Galicia* (“La Romería Gallega”, nº 121, 1920).

DOLORES PARGA SERRANO: *Eco de Galicia* (“¡Viva Galicia!”, nº 228, 1925).

BLANCA CALVO: *Eco de Galicia* (“Galicia cumbre y bella”, nº 310, 1926), *Galicia. Diario de Vigo* (“El rompeolas de Bayona”, nº 37, 1922; “Cosas que se van”, nº 373, 1924; “De la ciudad del Apóstol”, nº 624; 1924; “Crónica de Bayona. Una excursión a La Toja”, nº 589, 1924; “Realidad en el arte”, nº 604, 1924; “Las playas gallegas”, no extraord. 1924).

AVELINA VALLADARES: *El emigrado* (“Miña xoia”, nº 156, que se publicou cinco meses antes de que o xornal lle fixera unha homenaxe pola súa morte en 1925), *Terra* (“A pobre Orfiña”, nº 35, 1923 que volverá aparecer en 1926 en *El Ideal Gallego*).

MARÍA PURA LORENZANA: *Nós* (a conferencia que dera antes para a Asociación Católica Femenina de Santiago sobre o nacionalismo católico do que era defensora) (vid. Aurora Marco, 1993: 174). Foi das primeiras universitarias galegas antes da Guerra Civil. Investigou no campo da historia na Universidade de Santiago e no Seminario de Estudos Galegos e foi pioneira nestes estudos en galego. Déuselle importancia por ser das primeiras mulleres en incorporarse ó galeguismo.

MARÍA LUZ MORALES: *Vida gallega* (“Lecciones de bien conducirse”, nº 574, 1933). Importante labor en *La Vanguardia* porque viviu durante moitos anos en Barcelona.

Escritoras moito menos importantes polo feito de non apareceren con tanta frecuencia como as anteriores ou polos temas que tratan nos seus artigos son:

ADELIA DI CARLO: *Acción Gallega*.

ROSA BAZÁN DE CÁMARA: *Acción Gallega*, *Raza* (Bos Aires), *Raza española* (Madrid).

MAGDA DONATO: *Ahora*, *Raza* (Bos Aires).

EDELMIRA GONZÁLEZ: *Eco de Galicia*.

LEONOR DE OLÓZAGA: *Eco de Galicia*, *Galicia. Diario de Vigo*.

FERMINA GUTIÉRREZ: *Eco franciscano*.

ELADIA GONTÁN-MARIÑO: *El emigrado*.

JESUSA PORTO COTO: *El emigrado*.

CONSUELO RUZA: *El emigrado*.

BLANCA DE AZEVEDO: *Galicia. Diario de Vigo*.

CARMEN DE MUNÁRRIZ: *Galicia. Diario de Vigo*.

FANNY OTERO: *Galicia. Diario de Vigo*.

DOLORES DE CORTÁZAR SERANTES: *Boletín Oficial del Centro Gallego* (Bos Aires).

MARÍA B. QUINTERO: *Boletín Oficial del Centro Gallego* (Bos Aires).

SARA INSÚA: *Boletín Oficial del Centro Gallego* (Bos Aires), *Galicia. Diario de Vigo*, *Las Riberas del Eo* (1881-1971) tiña diferentes seccións (noticias locais, relixiosas, oficiais, artigos de actualidade), publicábase en Ribadeo e levaba o subtítulo de “Periódico de información galaico-asturiana” (Santos Gayoso, 1990: 233-234). *Raza* (Bos Aires), *Vida Gallega*.

ISABEL CREUS: *Raza* (Bos Aires).

AMALIA PUGA: *Raza* (Bos Aires).

BLANCA DE LOS RÍOS DE LAMPÉREZ: *Raza* (Bos Aires), *Raza española* (Madrid).

ALICIA PORRO FREIRE: *Raza* (Bos Aires).

SARAH LORENZANA: *Suevia. Revista semanal de literatura y arte* (Santiago) (1917-1919). (na Universidade). Leva por subtítulo “Revista semanal de Literatura, Arte y Ciencias”. Colaboraban nela: Valle-Inclán, Antonio Machado, Cabanillas, Azorín, Leandro Carré, etc. Xorde ó romperse a revista *Maruxa*: uns crearán *La Raza* e outros *Suevia*. Non foi unha revista galeguista, aínda que usou o galego nas súas páxinas. A partir de 1918 foi chamada *Suevia literaria* (Santos Gayoso, 1995: 98)

IRENE ROA: *Vida gallega*.

Tamén habería que citar aquelas autoras castelás e hispanoamericanas que publicaron algúns dos seus textos en xornais e revistas galegas ou moi vinculadas a Galicia. Elas tamén axudaron a reforza-la aparición das mulleres nas publicacións periódicas dos anos 20. Os nomes máis representativos son:

CONCHA ESPINA: aínda que non era galega estivo moi presente na prensa galega e na prensa dos emigrantes galegos: *Ahora, Alfar, Raza* (Bos Aires), *Raza española* (Madrid).

CARMEN DE BURGOS *Colombine: Raza* (Bos Aires).

CARMEN DE YCAZA: *Raza* (Bos Aires).

As sudamericanas que máis publicaron neste período e na prensa investigada foron:

JUANA DE IBARBOUROU, GABRIELA MISTRAL, NORAH LANGE que publicaron os seus textos en *Alfar* (nunha primeira época tiña por título *Revista de Casa América-Galicia* entre 1922 e 1923) que saíu na Coruña ata 1926. Na primeira época desta revista colaboraron Gabriela Mistral, Juana de Ibarbourou xunto con A. Villar Ponte, Miguel de Unamuno, Ramón Gómez de la Serna, Vicente Risco ou Antonio Machado, entre outros. Artisticamente falando situarase na vangarda. Tivo unha parte esencial a poesía. (Santos Gayoso, 1990: 554, 557-558). Individualmente os escritos de Gabriela Mistral poidéronse ler no *Boletín Municipal y de Turismo, Elite, Galicia. Diario de Vigo, Raza* (Bos Aires), *Revista femenina ilustrada, Raza española* (Madrid) e os de Juana de Ibarbourou no *Centro Gallego, Eco de Galicia, Galicia. Diario de Vigo, Raza* (Bos Aires).

Pero ata o de agora non se fixo distinción entre aquelas que escribían en galego e as que non, pero se temos en conta este criterio lingüístico o listado de autoras sería o seguinte:

Como conclusión final de tódalas escritoras citadas anteriormente soamente as seguintes publicaron algún texto en galego:

Francisca Herrera Garrido: *Alma gallega, A Nosa Terra, Céltiga, Eco de Galicia, Lar, Nós.*

Herminia Fariña: *Alma gallega, A Nosa Terra, Centro Gallego, Eco de Galicia, Vida gallega.*

Filomena Dato Muruais: *Alma gallega, El ideal gallego, O tío Marcos d'a Portela, Terra, Vida gallega.*

Carmen Prieto Rouco: *Alma Gallega, A Nosa Terra, Eco de Galicia, Vida Gallega.*

Carmen Lobeiras Pantín (o prototipo tradicional de muller segundo boa parte do Partido Galeguista, Carmen Blanco 1995: 89): *A Nosa Terra.*

María Santos Freire: *A Nosa Terra.*

Elvira Bao Maceiras de Varela: *A Nosa Terra.* Apoiou o manifesto do Grupo Feminino Galeguista de Ourense (A.N.T.).

Dolores del Río Sánchez Granados: *Eco franciscano.*

Avelina Valladares: *El Emigrado* (1919-1940). Na Estrada (Pontevedra). Era ó principio anticaciquil. Contaba co patrocinio de emigrantes da cidade pontevedresa en Cuba. (Santos Gayoso, 1990: 527), *El Ideal Gallego, Terra.*

Consuelo Ruzo: *El Emigrado.*

Margot Sponer: *Nós.*

3. Conclusións

Dentro de tódalas mulleres que nos podemos encontrar nas páxinas destes xornais habería que distinguir un grupo de escritoras (Rosalía de Castro) que actúan como un referente, son un modelo para as que están empezando a escribir, pois foron, en definitiva, as que lles abriron o camiño; outro conxunto de escritoras que son as novas, e finalmente un grupo que inclúe aquelas que veñen de América, aínda que se sintan moi unidas á Península, sen deixar de lado as que pertencen ó ámbito castelán e que mantiveron certos vencellos con Galicia por publicar en xornais e revistas, galegos neste caso.

Un punto a salientar é o feito de que algunhas unicamente publicaron nun xornal, mentres que outras foron máis prolíficas, pero iso non significa que non fosen fieis a certas publicacións (Dolores del Río Sánchez Granados e *El Eco Franciscano* onde cada número tiña algunha composición desta autora). Poderíase establecer en certas autoras unhas liñas ideolóxicas claras, que xa se comentaron anteriormente.

Coinciden case todas estas autores na súa educación (mestras moitas delas), na pertenza á clase media-alta, aínda que moi poucas chegaron a estudos universitarios. Estiveron influídas polas ideas progresistas (Institución Libre de Enseñanza (Pardo Bazán, María Barbeito, etc.), pero non puideron evita-las polémicas con aqueles que non estaban moi de acordo con que as mulleres escribisen. Esta dobre visión da realidade orixinou que as escritoras se posicionasen tamén a favor ou en contra da defensa da igualdade entre homes e mulleres e moitas escolleron temas pouco reivindicativos e en certa maneira esperables dunha muller como eran os relixiosos, os sentimentais e os propiamente femininos (moda, cociña, boas costumes).

Quedan por ver outros aspectos nos que non deu tempo de afondar nesta comunicación e que deberán ser ampliados noutros estudos.

Bibliografía citada

- BLANCO, Carmen. *Escritoras galegas*, Santiago de Compostela: El Correo Gallego, Biblioteca 114, 87, 1992.
- *Libros de mulleres: para unha bibliografía de escritoras en lingua galega, 1863-1992*. Vigo: Ediciós do Cumio, 1994.
- *Literatura galega de muller*. Vigo: Xerais, 1991.
- *Mulleres e independencia*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1995.
- CARBALLO CALERO, Ricardo. *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1981.
- CORNIDE FERRANT, Enrique. *Mujeres estelares en la cultura gallega*. A Coruña: Deputación Provincial de A Coruña, 1993.
- ENA BORDONADA, Ángela (ed.). *Novelas breves de escritoras españolas (1900-1936)*. Madrid: Castalia, 1990.
- MARCO, Aurora. *As Precursoras: achegas para o estudo da escrita feminina (Galiza 1800-1936)*. La Coruña: La Voz de Galicia, 1993.
- NOIA CAMPOS, Ma Camino. “A literatura de mulleres en lingua galega”. *Abesana* 0 (1990): 65-67.
- SANTOS GAYOSO, Enrique. *Historia de la prensa gallega 1800-1986*. Tomo I. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1990.
- *Historia de la prensa gallega 1800-1993*. Tomo II. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1995.
- TARRÍO VARELA, Anxo. *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*. Vigo: Xerais, 1994.
- VILAVEDRA, Dolores (coord.). *Diccionario da literatura galega. I. Autores. II. Publicacións periódicas. III. Obras*. Vigo: Galaxia, 1995.
- *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1999.

González Fernández, Isabel. “Escritoras galegas na prensa en Galicia (1926-1932)”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Ediciós do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

